



## ADMISIÓN DE ALUMNOS PARA O CURSO 2011-2012

A admisión do alumnado neste Centro para o curso 2011-2012 axustarase á lexislación e proceso que se indican:

### 1. **NORMATIVA REGULADORA DE ADMISIÓN**

- Decreto 30/2007, do 15 de marzo. (DOG 16/03/2007).
- Orde do 17 de marzo de 2007. (DOG 19/03/2007).

### 2. **OFERTA DE POSTOS ESCOLARES DISPOÑIBLES:**

<b>Cursos de Educación Infantil</b>	<b>(1)</b>	<b>Cursos de Educación Primaria</b>	<b>(1)</b>
Cuarto (3 anos) ..... 44	6	Primeiro ..... 7	4
Quinto (4 anos) ..... 18	0	Segundo ..... 16	0
Sexto (5 anos) ..... 27	0	Terceiro ..... 0	0
		Cuarto ..... 2	0
		Quinto ..... 4	0
		Sexto ..... 23	0

(1) Postos escolares a disposición da comisión de escolarización para a escolarización do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (art. 15º da Orde do 17 de marzo de 2007, DOG do 19).

### 3. **ÁREA DE INFLUENCIA DE IES DE ADSCRICIÓN DO CENTRO**

A área de influencia do Centro ao obxecto de aplicar a puntuación que corresponda por proximidade do domicilio é o que figura no plano exposto ao lado do presente escrito. Aos efectos de continuidade dos estudos de educación secundaria obrigatoria o Centro está adscrito ao IES Elviña.

### 4. **PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES**

As solicitudes de admisión, que se axeitarán ao modelo oficial (a recoller en Conserxería), deberán ser presentadas na Secretaría do Colexio en calquera dos días lectivos do **mes de marzo**, debendo ir acompañadas da copia do DNI do alumno/a ou da copia do libro de familia.

### 5. **PRAZO DE PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DOS CRITERIOS DE BAREMACIÓN ALEGADOS.**

Naqueles cursos nos que exista máis demanda que oferta de postos escolares, os pais, nais ou tutores legais do alumnado afectado presentarán no Centro, no prazo do **1 ao 26 de abril**, ambos os dous inclusive, a documentación xustificativa dos méritos por eles alegados para a aplicación dos criterios de admisión do alumnado, xunto cunha fotocopia do anexo II presentado anteriormente. A presentación dos xustificantes dos criterios de baremación ten carácter voluntario. A non presentación dalgún deles suporá a renuncia explícita a ser baremado no criterio correspondente.

## 6. PUBLICACIÓN DA LISTAXE DO ALUMNADO ADMITIDO

- **Día 29 de abril.**- Publicación da resolución provisional de admitidos e non admitidos. A listaxe ou listaxes que se publiquen terán carácter provisional e poderán ser obxecto de reclamación ante o Consello escolar do centro no prazo de cinco días hábiles.

- **Dentro dos 10 días seguintes ao da publicación da resolución provisional**, unha vez resoltas as posibles reclamacións presentadas, farase pública a resolución definitiva de alumnado admitido e non admitido. Contra esta resolución poderase presentar recurso de alzada ante a Delegación Provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes.

## 7. PRAZO PARA A FORMALIZACIÓN DA MATRÍCULA

Os alumnos admitidos no Centro formalizarán a súa inscrición na Secretaría **do 20 ao 30 de xuño**. Se finalizado o prazo de matrícula, non se formalizase esta, decaerá o dereito á praza obtida.

## 8. SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

Os servizos complementarios que ofrece o Centro son:

### 1. Transporte escolar

- As rutas pódense ver no croques que figura neste taboleiro de anuncios.(Poderán sufrir algunha variación en función do alumnado).
- Lexislación aplicable: Real Decreto 443/2001, do 27 de abril, sobre condicións de seguridade no transporte escolar e de menores (BOE 02/05/01).

### 2. Comedor escolar

#### Servizo madrugadores

- Organizado e xestionado pola ANPA do Colexio.
- Lexislación aplicable:  
Decreto 10/2007, do 25 de xaneiro, polo que se regula o funcionamento dos comedores escolares nos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (DOG, 06/02/07).

Orde do 21 de febreiro de 2007 pola que se regula a organización, funcionamento e xestión do servizo de comedor escolar nos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. (DOG 05/03/07).

### OBSERVACIÓN IMPORTANTE.

Cada solicitante poderá presentar **unha única solicitude**, relacionando nela por orde de preferencia ata seis centros nos que solicita praza. Esta instancia será entregada no centro que solicita en primeiro lugar. **No caso de que o solicitante presente máis dunha solicitude en diferentes colexios públicos, non se terá en conta ningunha delas, procedéndose á súa escolarización ao final do proceso.** Do mesmo xeito se procederá coas solicitudes entregadas fóra de prazo.

A Coruña, 25 de febreiro de 2011

Vº e prace:  
O director,

A secretaria,